

# DINÁMICAS PARA A COMPETENCIA SOCIAL AS MANDARINAS



## OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Situar aos alumnos/as nunha situación de conflito.
- ★ Experimentar os diferentes tipos de afrontamiento ante un conflito

## DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ Preparamos o material: Imprimimos tantas follas como necesitemos (da páxina 2 deste documento), recortámolas e colocámolas de forma alterna, de forma que o alumnado pense que todas e todos teñen o mesmo papel.
- ★ Formamos parellas e poñemos na mesa de cada parella unha mandarina, que non poden de momento tocar.
- ★ Entregamos a cada compoñente o texto para que o lean en silencio, despois o voltean sobre a mesa e comezan resolver o seu conflito.
- ★ A dinámica termina cando todas as parellas pensan que xa o solucionaron. Pode ser que a mandarina quede sobre a mesa (ninguén a consegue), cando acabe enteira nas mans dun dos integrantes da parella (sáese coa súa, o outro integrante da parella perde), cando cada integrante teña a metade da mandarina ou cando un teña a pel da mandarina e o outro integrante a parte necesaria para extraer o zume.
- ★ Quen conseguiu o obxectivo (un queda coa pel e o outro integrante coa parte para extraer o zume), len en voz alta os seus escritos, cada un o seu.

## PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

- ★ Que vos pareceu o xogo? Gustouvos? Tardastes moito en conseguirlo?
- ★ Preguntamos a quen competiron e gañaron: creedes que tamén o conseguistes? Poderíades salvar á humanidade salvando só á vosa familia?
- ★ Preguntamos a quen cedeu: que vos convenceu para ceder a vosa mandarina?
- ★ Preguntamos a quen evitou o problema: que vos fixo desperdiciar o único que podería salvar á vosa familia?
- ★ A quen repartiu a mandarina: Sabíades que só con toda a pel ou con todo o zume conseguiríades salvar a vosa familia?
- ★ Por último preguntamos a quen o conseguiron: Cal foi a clave para conseguir o voso obxectivo?

## MATERIAIS

- ★ Mandarinas
- ★ Textos impresos, recortados e colocados de forma alterna.